



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 30 de novembro de 2015, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

BRENTUXIMAB VEDOTINA

nas indicacións de:

1. Tratamento en monoterapia de pacientes adultos con linfoma de Hodgkin (LH) CD30+ en recaída ou refractario e con ECOG 0-1:

- Tras polo menos 2 liñas de quimioterapia previa, cando o transplante autólogo de proxenitores hematopoiéticos (TAPH) ou outras liñas de quimioterapia, como gemcitabina en combinación ou bendamustina en monoterapia, non sexan unha opción terapéutica.

ou

- Despois dun transplante autólogo de proxenitores hematopoiéticos. Nesta situación, Gemcitabina en combinación e bendamustina considéranse alternativas válidas de tratamento, aínda que brentuximab parece alcanzar maior taxa de resposta global que bendamustina e de remisión completa que gemcitabina en combinación, mentres que bendamustina parece ter unha mellor tolerabilidade.

2. Tratamento en monoterapia de pacientes adultos con Linfoma anaplásico de células grandes sistémico en recaída ou refractario, independentemente das liñas previas (incluíndo TAPH), e que presenten un ECOG 0-1

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2015

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

D. Ramón Ares Rico

COMISIÓN DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE